


Rúbricas

+ Engadir unha actividade ou un recurso



Cando creamos unha tarefa na aula virtual, se queremos avaliála mediante rúbrica, no apartado de Cualificación, subapartado de Método de cualificación escollemos Rúbrica.

Qualificación

Cualificación

Método de cualificación

Categoría de cualificación

Cualificación para aprobar

Puntuación cega

Agochar a identidade dos alumnos

Usar o fluxo de traballo de corrección



Tipo Punto

Puntuación máxima

10



Qualificación directa simple



Qualificación directa simple

Guía de corrección

Rúbrica



Non



Non



Non

E picamos en Gardar e presentar:


Gardar e volver ao curso

Gardar e presentar

Cancelar

Senón o configuramos así no momento de crear a tarefa, podemos facelo cando queiramos no apartado de Editar os axustes (engrenaxe) da propia tarefa e indo posteriormente a Cualificación-Método de cualificación..

PROGRAMACIÓN 1



E aparece a seguinte ventá:

Cualificaci3n avanzada: Proba (Entregas)

Cambiar o m3todo activo de cualificaci3n a R3brica



Escollemos Definir un novo formulario de cualificaci3n dende cero

Aparece a seguinte ventá onde definimos a r3brica, comezando por poñerlle un nome:

Definir a r3brica

[Taboleiro](#) / [Os meus cursos](#) / [TICII 2BACH FER](#) / [Tema 2](#) / [Proba](#) / [Cualificaci3n avanzada](#) / [Definir a r3brica](#)

Nome



Descrici3n

Par3grafo **B** *I* [List] [Unlist] [Link] [Image] [Smiley] [Table] [Other]

Podemos engadir algo na Descrici3n (non 3 obrigatorio)

E na mesma pantalla xa podemos definir a rúbrica cos seus niveis e criterios.

Rúbrica

 Prema para editar o criterio	Prema para editar o nivel	Prema para editar o nivel	Prema para editar o nivel	+ Engadir nivel
	0 puntos 	1 puntos 	2 puntos 	

+ Engadir criterio

Opcións da rúbrica

Criterio de ordenación para os niveis: Ascendente por número de puntos

- ☒ Calcular a cualificación cunha puntuación mínima da nota mínima acadábel para a rúbrica
- ☒ Permitirlle aos usuarios obter unha vista previa da rúbrica empregada no módulo (do contrario a rúbrica só será visíbel após a cualificación)
- ☒ Presenta a descrición da rúbrica durante a avaliación
- ☒ Presenta a descrición da rúbrica aos que están a ser cualificados
- ☒ Presenta os puntos para cada nivel durante a avaliación
- ☒ Presenta os puntos para cada nivel aos que están a ser cualificados
- ☒ Permitirlle ao corrector engadir novas correccións para cada criterio
- ☒ Amosar as novas correccións aos que están a ser cualificados

Gardar a a rúbrica e deixala rematada

Gardar como versión preliminar

Cancelar

Os criterios son os aspectos que imos valorar, por exemplo nun traballo imos avaliar o contido (50%), a redacción (30%) e a ortografía (20%).

Os niveis sinalan como se avalía cada criterio, nos que estableceremos unha cualificación numérica asociada.

Senón definimos a rúbrica cando creamos a tarefa e queremos facelo despois picamos na engrenaxe da tarefa e despois en Definir a rúbrica

Proba

Grupos separados Todos os participantes

Resumo das cualificacións

Agochar para os alumnos	Non
Participantes	33
Entregada	0
Necesita cualificación	0
Data límite	Luns, 19 de Xuño de 2023, 00:00

Editar os axustes

Anulacións de grupo
Anulacións de usuario
Roles asignados localmente
Permisos
Comprobar permisos
Filtros
Distribución de competencia
Rexistros
Copia de seguridade
Restaurar
Cualificación avanzada

Definir a rúbrica

Volvemos a nosa pantalla para definir a rúbrica e imos a meter os criterios cos seus niveis de avaliación, nun exemplo de avaliación dun traballo.

Para engadir criterios picamos en

Rúbrica

×		Prema para editar o nivel 0 puntos	×	Prema para editar o nivel 1 puntos	×	Prema para editar o nivel 2 puntos	×	+ Engadir nivel
---	--	---------------------------------------	---	---------------------------------------	---	---------------------------------------	---	-----------------

+ Engadir criterio

Para engadir niveis de cada criterio picamos en

Coas porcentaxes que sinalamos nesta tarefa para unha valoración de 10 puntos o criterio de contido terá unha puntuación máxima de 5 puntos (50%), o de redacción 3 puntos (30%) e o de ortografía 2 puntos (20%).

Unha vez introducidos os criterios e os niveis teríamos isto:

✕ Contido ↓ 	Non se entregou o traballo ou non tiña nada que ver co solicitado 0 puntos ✕	Tocou poucos temas do traballo e sen moita profundidade 1 puntos ✕	Tocou poucos temas do traballo e con moita profundidade 2 puntos ✕	Tocou a maior parte dos temas do traballo pero sen moita profundidade 3 puntos ✕	Tocou a maior parte dos temas do traballo e con moita profundidade 4 puntos ✕	Tocou todos os temas do traballo e con moita profundidade 5 puntos ✕	+ Engadir nivel
↑ Redacción ✕ ↓ 	Non se entregou o traballo ou non tiña nada que ver co solicitado 0 puntos ✕	A redacción non é boa, non se expresan correctamente as ideas 1,5 puntos ✕		A redacción é clara e precisa 3 puntos ✕			+ Engadir nivel
↑ Ortografía ✕ 	Ten máis de 5 faltas de ortografía 0 puntos ✕	Ten entre 3 e 5 faltas de ortografía 1 puntos ✕	Ten 1 ou 2 faltas de ortografía 1,5 puntos ✕	Sen faltas de ortografía 2 puntos ✕			+ Engadir nivel

+ Engadir criterio

Picaríamos en gardar a rúbrica e deixala rematada e xa estaría. Como xa comentamos antes indo a axustes da tarefa na engrenaxe e picando en definir rúbrica podemos modificala sempre que non a usamos para avaliar xa a algún alumno/a.

Agora cando imos cualificar a tarefa teremos a rúbrica colocada na pantalla e iremos simplemente picando escollendo os niveis acadados en cada criterio e poderemos engadir comentarios.

Cualificación:

Non se entregou o traballo ou non tiña nada que ver co solicitado 0 puntos	Tocou poucos temas do traballo e sen moita profundidade 1 puntos	Tocou poucos temas do traballo e con moita profundidade 2 puntos	Tocou a maior parte dos temas do traballo pero sen moita profundidade 3 puntos	Tocou a maior parte dos temas do traballo e con moita profundidade 4 puntos	Tocou todos os temas do traballo e con moita profundidade 5 puntos	
Non se entregou o traballo ou non tiña nada que ver co solicitado 0 puntos	A redacción non é boa, non se expresan correctamente as ideas 1,5 puntos		A redacción é clara e precisa 3 puntos			

Notificar aos alumnos ?

Gardar os cambios Gardar e amosar o seguinte Restabelecer

O programa suma automaticamente as notas de todos os criterios e danos a cualificación da tarefa.

É interesante engadir un criterio de baixada de nota por non cumprir o prazo de entrega da tarefa, xa que as rúbricas permiten introducir puntuacións negativas, e quedaría

↑ × ↓ 📄	Ortografía	Ten máis de 5 faltas de ortografía 0 puntos	Ten entre 3 e 5 faltas de ortografía 1 puntos	Ten 1 ou 2 faltas de ortografía 1.5 puntos	Sen faltas de ortografía 2 puntos	×
↑ × 📄	Cumpre o prazo de entrega	Entrega con <u>máis dunha</u> semana de retraso -3 puntos	Entrega con máis de 2 días de retraso e menos dunha semana -2 puntos	Entrega cun 1 ou 2 días de retraso -1 puntos	Entrega en prazo 0 puntos	×

+ Engadir criterio

As rúbricas creadas dentro de moodle podemos reutilizalas noutros traballos. Para isto cando vaíamos creala picaríamos en:

Cualificación avanzada: Proba (Entregas)

Cambiar o método activo de cualificación a ?

Rúbrica



Definir un novo
formulario de
cualificación
dende cero



Crear un novo
formulario de
cualificación a
partir dun
modelo

Cando piquemos na icona de Crear un novo formulario de cualificación a partir dun modelo, aparecerá esta pantalla e se marcamos a pestana de incluír os meus propios formularios atoparíamos todas as nosas rúbricas para poder reutilizalas.

▼ Busca de formularios de cualificación ?

☒ incluír os meus propios formularios


Buscar

E escolleríamos a rúbrica que nos interese:


rúbrica proba Modelo compartido

Contido	Non se entregou o traballo ou non tiña nada que ver co solicitado 0 puntos	Tocou poucos temas do traballo e sen moita profundidade 1 puntos	Tocou poucos temas do traballo e con moita profundidade 2 puntos	Tocou a maior parte dos temas do traballo pero sen moita profundidade 3 puntos	Tocou a maior parte dos temas do traballo e con moita profundidade 4 puntos	Tocou todos os temas do traballo e con moita profundidade 5 puntos
Redacción	Non se entregou o traballo ou non tiña nada que ver co solicitado 0 puntos		A redacción non é boa, non se expresan correctamente as ideas 1.5 puntos		A redacción é clara e precisa 3 puntos	
Ortografía	Ten máis de 5 faltas de ortografía 0 puntos		Ten entre 3 e 5 faltas de ortografía 1 puntos		Ten 1 ou 2 faltas de ortografía 1.5 puntos	Sen faltas de ortografía 2 puntos

Na parte inferior picamos en Empregar este modelo



E na seguinte ventá picaríamos en Editar a configuración do formulario actual e xa a teríamos para poder traballar con ela.



rúbrica proba Listo para empregar